

**"4 Resolución do expediente de contratación do contrato de servizos para a realización dos traballos de redacción do plan xeral de ordenación municipal do concello de Ponteceso".**

A secretaria le as actas da Mesa de contratación (dos días 14 e 21 de novembro do 2008), así como o informe de Intervención para determinar a valoración da oferta económica máis vantaxosa, e o informe técnico de contratación que elaborou o Comité de Expertos (núm. de rexistro de entrada 4.326/21-11-2008)

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o contrato de servizos para realizar os traballos de redacción do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ponteceso, segundo o proxecto que redactou a empresa NAOS Arquitectura, S.L., que ten un orzamento de 127.480,50 € (109.896,98 € de execución material e 17.583,52 € de IVE), -de conformidade coa subvención que lle concedeu a este concello a Consellaría de Política territorial, Obras Públicas e Transportes-, e que aprobou o alcalde na Resolución núm. 282/2008, do 20 de outubro.

Unha vez que a secretaria leu as actas e os informes preceptivos e unha vez determinado que se cumpriron os requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas que rexen o presente contrato, e de conformidade co establecido no artigo 135 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como na resolución da Alcaldía número 170/2007, do 22 de xuño, de delegacións da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o contrato de servizos para realizar os traballos de redacción do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ponteceso á empresa Monteoliva Arquitectura, S.L. polo prezo de 118.320 € (102.000 € de execución material e 16.320,00 € de IVE).

2 Notificar a adxudicación provisional a todos as empresas candidatas que non teñan resultado adxudicatarias.

12 Dispor o gasto correspondente á anualidade 2008 con cargo á partida 432.8r.227.06 do orzamento municipal.

4. Notificarlle este acordo á empresa adxudicataria provisional do contrato para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de contratante, a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como para que constitúa a garantía definitiva polo importe de 5.100 €.

5. Publicar a adxudicación provisional do contrato no BOP e no Perfil de contratante do órgano de contratación.”